

ESPECIAIS

Olivier Nakache, Eric Toledano, 2019

645

ESTREA EN NUMAX: 28.02.2020 | V.O.S.E. | +7

Hors normes (2019, 114')

Dirección: Olivier Nakache, Eric Toledano

Guión: Olivier Nakache, Eric Toledano

Elenco: Vincent Cassel, Reda Kateb, Aloïse Sauvage, Mirabela Vian

Son: Pascal Armant

Música: Grandbrothers

Fotografía: Antoine Sanier

Montaxe: Dorian Rigal-Ansous

Dirección de arte: Patrick Schmitt

Vestuario: Isabelle Pannetier

Produtora: Gaumont, Quad Productions, Ten Films (Francia)

Distribuidora: A Contracorriente

Formato de proxección: DCP2K, 2.35:1

Idioma orixinal: Francés

PREMIOS E FESTIVAIS

Donostia 2019 (Premio do público)

FILMOGRAFÍA

Samba, 2017

C'est la vie, 2014

Intocable, 2011

SINOPSE

A historia de Bruno e Malik, dous amigos que durante vinte anos viviron nun mundo diferente: o das crianzas e adolescentes autistas. A cargo de dúas organizacións sen ánimo de lucro, forman a mozas e mozos para coidar casos extremos. Desta forma crean unha asociación excepcional, fóra do tradicional, para persoas extraordinarias.

«Potente e moi logrado, un filme atípico que nace tanto do corazón como da realidade»

Fionnuala Halligan, SCREENDAILY



“Queríamos agarrar o espectador polo brazo”

Entrevista con **Éric Toledano** e **Olivier Nakache**

Como se materializou este filme?

Éric Toledano: É o resultado dun compromiso de hai vinte anos. En 1994, eramos monitores dun campamento de verán e tiña que conseguir o certificado de aptitude para ser director de recepcións colectivas de menores. Aí coñecín a Stéphane Benhamou, o creador da asociación Le Silence des Justes, especializada no coidado de nenos e adolescentes autistas e na súa integración na sociedade. Perdémolle a pista, pero máis tarde acolleu un familiar autista. Olivier e eu decidimos botar unha ollada ao campamento de verán que dirixía na montaña. Quedamos profundamente impresionados pola enerxía e humanidade tanto de Stéphane coma do seu equipo rezumaban. A química entre aqueles coidadores e os mozos abraíounos.

Olivier Nakache: Algo despois, Stéphane necesitaba unha curta para presentar a súa asociación. Collemos a nosa pequena cámara e fomos ao mesmo lugar onde vinte anos máis tarde rodaríamos *Especiais*. Unha vez máis esta nova experiencia quedou gravada na nosa memoria.

É. T.: Naquel momento estabamos comezando e cremos que aínda non tiñamos os recursos para manexar un tema como este, non estabamos aínda preparados. Pero aquilo non evitou seguir

de preto aqueles mozos con quen nos unía unha estreita amizade e sentiamos unha auténtica afinidade.

O. N.: A idea de realizar un filme seguía entre nós. *Especiais* é un compendio de todas as obsesións que transitan ao longo das nosas películas.

É. T.: As nosas películas sempre falan de encontros inverosímiles. Esta ten unha dimensión particular: como xente que se comunica pouco ou nada e se considera fóra da norma, logra que xente «normal», que na nosa sociedade deixou de comunicarse, volva facelo? Hai nesas asociacións unha harmonía e unha mestura de culturas, relixións, identidades e pasados atípicos que deberían inspirar...

Unha vez que decidiron rodar, como traballaron? É. T.:

É. T.: Durante dous anos, mergullámonos no seo de dúas asociacións. As escenas da película, incluso a da fuxida de Valentin, derivan de experiencias reais. Están representados os mozos autistas, os pais e coidadores, pero tamén os doutores, o persoal médico, e a IGAS (Inspección Xeral de Asuntos Sociais). Non podíamos permitírnos tomar moita distancia respecto da realidade ou quedarnos torpemente en demasiadas aproximacións. O noso período de observación foi moi instrutivo, e o guión nutriuse coas experiencias que compartimos a diario. Tras dous anos a nosa motivación multiplicouse. Facer esta película co tempo fíxose unha necesidade.

O. N.: Para nós, era imposible abordar este tema sen comprendelo enteiro, sen estar en posesión de todos os aspectos complexos. Tiñamos que asimilar o tema tecnicamente para así dar forza á ficción que queríamos crear.

É. T.: Nese universo óese unha linguaxe que é difícil entender se vés de fóra. Hai unha boa chea de acrónimos incomprendíbeis que todos parecen dominar. Tamén quixemos reflectir o humor lixeiro que observamos nos equipos, como na secuencia da batalla de siglas á que se entregan os coidadores novos.

O. N.: Tamén había a intención de incluír na película auténticos monitores e mozos autistas, mesturar vida real e ficción nun constante ir e vir e así poder penetrar na intimidade dos personaxes, nas súas vidas diarias e asuntos persoais.

Vostedes comezan coa cámara ao ombreiro, coma se quixesen transmitir unha sensación de absoluta urxencia...

É. T.: Sentiamos que o público case debía irromper no filme. Que debía verse inmediatamente enfrontado á violencia, xa que de feito existe. E os dous personaxes que describimos caracterízanse principalmente polo feito de que están en permanente movemento.

O. N.: Estas asociacións traballan cunha sensación de urxencia as vinte e catro horas do día. Así que todo canto bule ao redor ten sentido. Queríamos agarrar o espectador polo brazo. Ademais, a música que acompaña a escena que abre o filme lembra o son dun electrocardiograma.

Publicada en acontracorrientefilms.com
Tradución: Olalla Cociña Lozano

Os directores

Éric Toledano (París, 1971) e Olivier Nakache (Suresnes, 1973) son unha parella de directores que levan traballando xuntos desde que en 1995 rodaran a curtametraxe *Le Jour et la Nuit*. *Especiais* supón un xiro na súa carreira, madurado durante vinte anos.

NUMAX

NUMAX, S. Coop. Galega
Concepción Arenal, 9 baixo
15702 Santiago de Compostela
TEL 981 560 250 | www.numax.org



MARTA XA TEN O SEU ABONO PROTEXE

E ti, a que agardas para abonarte?



Se ti xa es de NUMAX e queres compartilo, fai unha foto co teu abono e compártea.

#eusondennumax